



**CICLO DE CONFERENCIAS NO CESGA**  
**"AS REDES SOCIAIS COMO ACTIVO ECONÓMICO"**

**Santiago, mércores 17 de outubro de 2007.-** Mañá, xoves 18 de outubro, as 18:30 horas, na Sala de Presentacións do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) a Vicepresidenta da Aula Solidaridad, **Ana Moreno**, impartirá a conferencia "*As redes sociais como activo económico*", dentro do ciclo de conferencias do Capítulo Español da Internet Society (ISOC). Actuarán como moderadores **Víctor Castelo**, CSIC, Presidente do ISOC-ES, e **Joaquín Soler**, do Instituto Cervantes.

A multiconferencia terá cinco sedes presenciais: CTI del CSIC Madrid, CESGA Santiago de Compostela, CESCA Barcelona, CICA Sevilla e i2BASK San Sebastián, e como todas as demais do ciclo do ISOC, pódese seguir en directo a través da rede en <mms://windowsmedia.cesga.es/isoc> e mesmo intervir por chat en <http://www.isoc-es.org/chat> (login: anonimo).

O CESGA é un centro de cálculo, comunicacións de altas prestacións e servizos avanzados que dá servizo á Comunidade Científica Galega, ao Sistema Académico Universitario e ao Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC).

Máis información contactando co CESGA a través do 981 569810.

SAÚDOS

<p><b>Data:</b> Xoves 18 de Outubro <b>Hora:</b> 18:30 <b>Lugar:</b> Sala de Presentacións do CESGA. Avenida de Vigo, s/n. Campus Sur. <b>Evento:</b> Multiconferencia: "<i>As redes sociais como activo económico</i>" a cargo de <b>Ana Moreno</b>, Vicepresidenta de Aula Solidaridad.</p>
---